

Unidade didáctica 2: A duración do son.

A LINGUAXE MUSICAL



A TRAVÉS DE MUESCORE



Creado por: Rubén Veloso Carnero.

Unidade 2: A duración do son

Unidade didáctica 2: A duración do son.

1. - INTRODUCCIÓN:

A 2ª unidade chámase “A duración do son” creada por **Rubén Veloso Carnero**.

Destinatarios: alumnos de 2º eso. Esta unidade céntrase na aprendizaxe das **figuras musicais**, traballando as facetas básicas do ritmo e os compases.

Tamén se traballará a súa aplicación práctica ao contexto dunha aplicación informática de edición musical chamada **Musescore**.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer as formas de representación gráfica convencional para a duración do son.
- Identificar e manexar de forma autónoma nunha partitura os diferentes elementos de notación relativos a duración do son para o coñecemento e disfrute da música.
- Valorar a importancia da notación musical como representación do feito sonoro.
- Coñecer e escribir as figuras musicais utilizando musescore.
- Escribir diferentes melodías en diferentes tipos de compases.

Contidos:

- Elementos da linguaxe musical que determinan a duración:
 - a) as figuras musicais: redonda, branca, negra, corchea e semicorchea.
 - b) Os silencios das figuras musicais antes mencionadas.
 - c) Os compases.
 - d) Os signos de prolongación.
 - e) O tempo.

Criterios de avaliación:

- Comprender os conceptos básicos relativos a duración do son.
- Identificar e escribir partituras coas figuras correspondentes nos compases $2/4$, $3/4$, $4/4$, $6/8$.
- Encher coas figuras musicais correctas compases e partituras incompletas.
- Utilizar musescore para escribir diferentes partituras con ritmos diferentes.

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Competencias a desenvolver:

- **Competencia Matemática:** para desenvolverse nos compases é necesario facer cálculos matemáticos básicos e sinxelos como suma, restas, multiplicacións e divisións pero cambiando de cantidades segundo os diferentes compases e dependendo das figuras musicais.
- **Competencia Dixital:** a través da utilización do exelearning e, sobre todo, á hora de usar o programa musescore para a realización de actividades. Tamén se traballa a competencia dixital ao ter que descargar e utilizar diferentes tipos de arquivos: pdf, mscz...
- **Aprender a aprender:** competencia traballada ao longo de todo o exelearning na maneira en que o propio alumno/a ten varias maneiras de lograr os seus obxectivos.
- **Conciencia e expresións culturais:** que xa ven adquirida pola materia en si, música, pero tamén polo desenvolvemento das explicacións, actividades e traballo.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** non hai só unha estratexia para desenvolver as actividades, e a maneira de buscar a información e a realización das actividades terá como fin o traballo de dita competencia.

Material do Exelearning:

- Explicación teórica dos contidos con imaxes, vídeos, audicións e partituras para a explicación dos contidos. Todo baixo licenza Creative Commons By-NC-SA.
- **Exercicios prácticos** en pdf, plantillas de musescore, actividades interactivas e non interactivas iDevice do propio exelearning.
- Actividade final para ver o logro dos obxectivos didácticos e o grao de adquisición de competencias
- Vídeo tutoriais de realización propia para a explicación e axuda sobre os contidos da unidade didáctica aplicados ao programa musescore.

A unidade divídese nos seguintes apartados

- **A duración do son.**
- **Representación gráfica.**
 - Exercicios.
- **Duración das notas.**
- **Compases.**
 - Truco.
- **Puntillo.**
 - Exercicios.
- **Compases musescore.**
 - Axuda.

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Requisitos do ordenador/tablet:

- navegador web recente e actualizado como Mozilla Firefox, Internet Explorer, Chrome, Opera, ou Safari como soporte básico de toda a unidade.
- Visor PDF como adobe reader ou similar, para a visualización dos arquivos PDF.
- Instalación do programa musescore: software gratuito dispoñible para windows, linux e mac.

Temporalización: ao ser para **2º da ESO**, onde hai dous períodos lectivos por semana, e sabendo a intendencia que supón o comezar coa actividade cos aparellos electrónicos, é aconsellable unha temporalización de **3 períodos** lectivos para a súa realización.

Interface: como calquera páxina web.

The image shows a screenshot of a web page titled "Unidade 2: A DURACIÓN DO SON". The page has a dark header with a "Siguinte »" button and a "Menú" icon. A sidebar on the left contains a list of navigation options: "Representación gráfica", "Duración das notas", "Compases", "Puntillo", and "Compases Musescore". The main content area features a section titled "Duración" with a blue waveform icon. Below this is a paragraph: "A duración é a calidade que nos indica a prolongación do son no tempo." followed by "Segundo a súa duración, o son pode ser longo ou breve." and a video player showing a progress bar from 00:00 to 00:24. The text continues: "E porqué pode durar mais ou menos un son? Pois depende de moitos elementos, entre outras cousas dos **materias dos corpos vibrantes.**" At the bottom, there are two images: a yellow acoustic guitar and a set of colorful mallets.

Annotations with red arrows point to the "Siguinte »" button, the "Menú" icon, the "Duración" title, and the "Representación gráfica" sidebar item.

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Ao longo da unidade encontraremos con:

➤ Reproducir música



- **Baixar pdf:** teremos que facer clic na palabra PDF que fará saltar unha ventá no noso navegador. Despois só teremos que darlle a **baixar ou a imprimir**, dependendo do que queiramos.

Nº de notas por compás.

Figura de referencia.

16= Semicorchea

O denominador indica a figura de referencia:

- 1 = Redonda
- 2 = Branca
- 4 = Negra
- 8 = Corchea
- 16 = Semicorchea

Ao pulsar iremos a unha nova ventá

Completa agora ti o seguinte exercicio, introducindo as notas correspondentes.

Baixa o seguinte [PDF](#), imprimeo e.....a TRABALLAR!!!!

Exercicio completar compases


A nova ventá e o PDF

Descargar

Imprimir

Unidade didáctica 2: A duración do son.

➤ Reproducir vídeo



➤ Baixar arquivo musescore (.mscz).

E parecido ao PDF pero teremos que facer un paso previo.

Compases Musescore

Imos a traballar compases co Musescore.




1º Botón secundario do rato
2º Pulsamos

Primeiro descarga esta [plantilla](#). ~~Ábreo e completa os compases~~


Vas a ter unha axuda ext
musescore o arranxa autor

Antes de comezar, si tes du



Ctrl + Mayús + I

Unidade didáctica 2: A duración do son.



Co arquivo xa no noso ordenador, o darlle dúas veces, xa se abrirá o programa musescore (**hai que descargalo e instalado previamente no noso ordenador/tablet**).

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Explicación da unidade:

A primeira páxina será de presentación da unidade:



A **segunda páxina** encontraremos a explicación da duración xunto con un exemplo auditivo.

The image is a screenshot of a web page for the didactic unit. At the top right, there is a 'Sigüente »' button. Below it, there is a 'Menú' button. The main content area has a title 'Unidade 2: A DURACIÓN DO SON' in green. Below the title, there is a sub-section 'Duración' with a blue icon of a sound wave. Below this, there is a small image of an hourglass. To the right of the hourglass, the text reads: 'A duración é a calidade que nos indica a prolongación do son no tempo.' Below this, there is a line of text: 'Segundo a súa duración, o son pode ser longo ou breve.' Below the text, there is a video player with a progress bar showing 00:00 to 00:24. Below the video player, there is a paragraph: 'E porqué pode durar mais ou menos un son? Pois depende de moitos elementos, entre outras cousas dos materias dos corpos vibrantes.'

Unidade didáctica 2: A duración do son.



Na seguinte páxina: **Representación gráfica** veremos as figuras musicais representadas:

Unidade 2: A DURACIÓN DO SON ☰ Menú

[Representación gráfica](#)

[Duración das notas](#)

[Compases](#)

[Puntillo](#)

[Compases Musecore](#)



Representación gráfica

 As Figuras Musicais

As **figuras musicais** son os símbolos utilizados para representar as diferentes duracións dun sonido musical.

Ao longo da historia **mudaron ata desaparecer ou converterse** nas figuras que chegan ata os nosos días:


Figuras musicais

Redonda		Branca		Negra			
Corchea		Semicorchea		Fusa		Semifusa	


Unidade didáctica 2: A duración do son.

E teremos os seguintes exercicios:

1.-encher ocos (escribir nos ocos e darlle a enviar):



Encher ocos




Mira a seguinte figura,
busca a información para nomear os números:

1.-


2.-

3.-

2. Descarga, imprime (é mellor que o docente o faga anteriormente) **e realiza o seguinte exercicio:**



Exercicio

Descarga este [PDF](#), imprimeo , e escribe que figuras están.

Utiliza:

R: para as redondas.


B: para as brancas.

N: para as negras.

C: para as corcheas.

SM: para as semicorcheas.

É unha vez que a tes, pódela tocar tamén.




Unidade didáctica 2: A duración do son.

Na páxina **Duración das notas**, o que nos encontraremos é o valor que ten cada figura musical. É importante que os alumnos/as copien a ilustración porque terán que traballar moito con ela e co que representa.



Duración

Agora que xa sabemos como son as figuras, imos a ver **como é a súa duración**. Fíxate ben nos números da dereita:



Unidade didáctica 2: A duración do son.

Despois virá o exercicio **encher ocos**, onde teñen que facer cálculos co explicado anteriormente:




Enche ocos

Fíxate ben e fai os cálculos

1 Redonda: <input type="text"/> corcheas.	1 branca: <input type="text"/> semicorcheas.
1 negra: <input type="text"/> corcheas.	1 branca: <input type="text"/> corcheas.
2 brancas: <input type="text"/> semicorcheas.	1 corchea: <input type="text"/> semicorcheas.
1 negra: <input type="text"/> semicorcheas.	2 redondas: <input type="text"/> corcheas.
2 negras: <input type="text"/> corcheas.	4 corcheas: <input type="text"/> branca.





A explicación dos silencios virá a continuación, rematando cun vídeo explicativo:



Silencios

Igual que as figuras musicais para representar as notas, tamén existen **figuras musicais para representar silencios**.

E cal e a súa **duración**? Pois a mesma. O sea, o silencio de redonda durará o mesmo que a redonda, o silencio de branca durará o mesmo que a branca e así sucesivamente.

Redonda	Silencio redonda
	= 
Branca	Silencio branca
	= 

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Negra



=

Silencio negra



Corchea



=

Silencio corchea



Semicorchea




=

Silencio corchea



Imos a ver un vídeo que resume o visto ata o de agora, con figuras e os seus respectivos silencios.



Unidade didáctica 2: A duración do son.

Na seguinte páxina: Compases, comezaremos a traballar o ritmo.

Menu

Compases

Iremos agora a algo fundamental na Música: o ritmo.

O **ritmo** pode definirse como a **ordenación temporal da música**; xunto coa melodía e harmonía forma parte da estrutura básica da música.

Na linguaxe musical o **tempo** organízase en pulsación regulares e recorrentes; na maior parte da música culta occidental a pulsación recibe unha acentuación periódica cada dous ou tres pulsos.

Ritmo binario: acento cada dous pulsos. Tempo forte e débil.



Ritmo ternario: acento cada tres pulsos. Tempo forte, tempo débil tempo débil.



Ritmo cuaternario: acento cada 4 pulsos. Tempo forte, débil, forte, débil.



Explicación dos compases

Na música, á hora de representar os ritmos indicados anteriormente **utilízanse dous números**, como si fosen fraccións.

Hai un **numerador**, que nos indica o número de figuras que nos fan falta para encher un compás.

Hai un **denominador**, que nos indica cal é a figura de referencia para encher ese compás.

Non o entendes?



Pois a ver agora:

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Pois a ver agora:

The diagram illustrates the relationship between time signatures and note values. It shows four examples of musical notation on a treble clef staff, each with a red oval highlighting the notes and arrows pointing to a legend.

- Example 1:** Time signature 3/4. The notes are a quarter note (4), an eighth note (8), and another quarter note (4). The legend indicates 4 = Negra.
- Example 2:** Time signature 2/4. The notes are a quarter note (4) and a half note (2). The legend indicates 2 = Branca.
- Example 3:** Time signature 6/8. The notes are six eighth notes (8). The legend indicates 8 = Corchea.
- Example 4:** Time signature 3/2. The notes are a half note (2) and a quarter note (4). The legend indicates 2 = Branca and 4 = Negra.

Legend 1: O denominador indica a figura de referencia:
1 = Redonda
2 = Branca
4 = Negra
8 = Corchea
16 = Semicorchea

Legend 2: O denominador indica a figura de referencia:
1 = Redonda
2 = Branca
4 = Negra
8 = Corchea
16 = Semicorchea

É moi importante que estas explicacións se vaian copiando para que o entendan mellor, e o teñan escrito para que lles sirva de axuda nos exercicios.

Completa agora ti o seguinte exercicio, introducindo as notas correspondentes.

Baixa o seguinte [PDF](#), imprímeo e.....a TRABALLAR!!!!

O PDF é mellor que se baixe e se imprima previamente polo docente para axilizar os pasos.

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Exercicio completar compases



A seguinte páxina: **Puntillo** levará as seguintes partes:

☰ Menú



Puntillo



O **puntillo** é un **signo de prolongación** que acompaña as figuras para que duren **máis tempo**.

E canto dura exactamente? Pois a metade da figura a que acompaña. Vamos a ver o exemplo:

Puntillo



Unidade didáctica 2: A duración do son.


No epígrafe **exercicios** teremos un **caso práctico**:



Caso práctico

Visto o anterior, e sabendo xa o truco, contesta a seguinte pregunta:

Canto vale a negra e a blanca con puntillo no seguinte compás?



Preme aquí

E no seguinte compás, canto vale a figura que estás vendo?



Preme aquí

Última, que xa tes experiencia. Di canto vale:



Preme aquí

Unidade didáctica 2: A duración do son.


E remataremos con outra **tarefa en PDF** (e como a anterior, será mellor telo xa impreso).



Baixa este [PDF](#) e imprímelo . Traballa enchendo os compases.

Ollo! Ten en conta o aprendido cos puntillos. Despois de facelo, terás que correxilo co teu profesor/a.

Exercicio completar compases



Unidade didáctica 2: A duración do son.

Por último, na páxina: **Compases musescore** teremos que baixar na palabra **plantilla unha partitura para abrir en musescore** e introducir as figuras.

Compases Musescore

Imos a traballar compases co Musescore.



Primeiro descarga esta [partitura](#), ábrea e completa os compases.

Vas a ter unha axuda extra, porque con Musescore si te pasas [ao por figuras de máis](#), musescore o arranxa automaticamente.

Antes de comezar, si tes dúbidas, pon o [vídeo](#) de axuda que estará despois de esta páxina.

Exercicio completar compases

Si temos problemas ou non sabemos facelo, ao final temos a **Axuda**

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Axuda ☰ Menú

-

Neste video tutorial imos ver **como introducir as figuras máis rápidamente.**

Para eso, cando escoites que se utiliza o teclado, referímonos ao teclado do pc.



-
↑
↓

Para **rematar a unidade**, teremos que:

- 1) Ter baixado o programa musescore.
- 2) Baixar o arquivo de musescore (xa explicado anteriormente).
- 3) Antes de facer o exercicio, visualizar o vídeo.

Ante calquera dúbida, sempre ir ao documento técnico.

No caso de dúbida co musescore, ir a **unidade 9 : Tutorial musescore.**

Unidade didáctica 2: A duración do son.

Imaxes utilizadas na unidade 2.



Autor da imaxe: **Karen Arnold**. Fonte: **Pixabay** <https://pixabay.com/es/>



Autor da imaxe: **Robin Higgins**. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/photos/confundido-seguro-elevar-manos-3082831/>



Autor da imaxe: www.slom_pics. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/photos/desesperado-empresario-negocio-2261021/>

Unidade didáctica 2: A duración do son.




Autor da imaxe: StockSnap. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/photos/bater%C3%ADa-conjunto-personas-hombre-2599508/>



Autor da imaxe: OpenClipart-Vectors. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/vectors/magia-varita-sombrero-hechicero-154526/>



Autor da imaxe: fabrixx. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/illustrations/flautas-dulces-silbato-flauta-3944919/>

Unidade didáctica 2: A duración do son.



Autor da imaxe: nile. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/photos/reloj-de-arena-tiempo-horas-reloj-620397/>



Autor da imaxe: OpenClipart-Vectors. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/vectors/guitarra-ac%C3%BAstica-guitarra-149427/>



Autor da imaxe: 955169. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/photos/metr%C3%B3nomo-reloj-m%C3%BAsica-1502798/>

Unidade didáctica 2: A duración do son.



Autor da imaxe: OpenClipart-Vectors. Fonte: Pixabay

<https://pixabay.com/es/vectors/de-impresi%C3%B3n-impresora-impresi%C3%B3n-159336/>



Autor da imaxe: OpenClipart-Vectors. Fonte: Pixabay

<https://pixabay.com/es/vectors/archivo-pdf-acrobat-adobe-mimetype-158878/>